



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

*RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.*

- 1.- As eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar realizaranse entre os días **18 e 22 de novembro de 2024**, ambos os dous incluídos.
- 2.- A Xunta Electoral constituirase entre os días **22 e 28 de outubro de 2024**, ambos os dous incluídos.
- 3.- Os centros modificarán en cada renovación parcial o número de membros do consello escolar en función do número de unidades que teñan nese momento. No tocante ao IES Beade, correspóndelle a renovación de:
  - Cinco profesoras/es.
  - Dous representantes do nais/pais/ tutores legais e a representante da ANPA.
  - Dous representantes do alumnado.
  - Un representante do persoal de administración e servizos.

A **Xunta Electoral** estará integrada pola directora do centro, un profesor, un pai/nai/titor legal, un representante do persoal de administración e servizos e un alumno/a de secundaria; designados os catro últimos por **sorteo público** no que se preverá a designación de membros suplentes. Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo martes, día **22 de outubro de 2024**, ás 10.00 horas.

As competencias da Xunta electoral son: Aprobar e publicar os censos electorais, que deberán reflectir nome e apelidos dos electores. Concretar o calendario electoral segundo o Regulamento vixente. Ordenar o proceso electoral. Admitir e proclamar candidaturas. Promover a constitución das distintas mesas electorais. Resolver as reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais. Proclamar os candidatos elixidos e remitir as correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería.

### ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO

-**Todos** os alumnos e alumnas de educación secundaria matriculados no centro son electores e todos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar, coas atribucións que lle corresponden aos seus membros.

- O alumnado que desexe presentar as súa **candidatura** deberá seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral. O prazo de admisión de candidatos non será inferior a 7 días. Pechado o prazo, a xunta electoral fará pública a proclamación de candidatos. Contra o acordo de proclamación poderase reclamar no prazo de 2 días seguintes. A Xunta Electoral resolverá no seguinte día hábil e contra a súa decisión poderá interpoñerse recurso, que non terá efectos suspensivos.

-A **mesa electoral** estará integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e dous alumnos designados por **sorteo**, actuando como secretario o alumno de menor idade.

-O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector fará constar na súa papeleta **dous** nomes da lista de candidatos.